FIRST COW
[Kelly Reichardt, 2019, EE UU, 121', VOSG]

Lingua **Inglés** Dirección e montaxe **Kelly Reichardt**
Guión **Jonathan Raymond, Kelly Reichardt**
(sobre a novela de Jonathan Raymond, *The Half-Life*)
Fotografía **Christopher Blauvelt** Música **William Tyler**
Elenco **John Magaro, Orion Lee, Toby Jones, Ewen Bremner, Scott Shepherd, Gary Farmer, Lily Gladstone**
Produción **Film Science, A24, IAC Films** Distribución **Avalon**
Festivais e galardóns **Berlinale 2020 (Sección Oficial), Círculo de Críticos de Nova York 2020 (Mellor Filme)**

Actual territorio de Oregón, principios do XIX. Os camiños de Cookie, un taciturno e habilidoso cociñeiro contratado por unha expedición de cazadores de peles, e King Lu, un viaxeiro chinés que chega a EE UU na procura dunha vida mellor, crúzanse de maneira inesperada. Enseguida conectan e comezan a colaborar nun exitoso e arriscado negocio que consiste na preparación de doces que venden no mercado. A sostibilidade da súa empresa depende da colaboración clandestina da única vaca leiteira do territorio, propiedade dun rico terratenente.

OUTUBRO: AGNÈS VARDA / HONG SANG SOO · 20:30 · VOSE

MARTES 5
DAGUERRÉOTYPES (Agnès Varda, 1975, 78')

LUNS 11
**Título pendente de confirmación*

MARTES 12
MUR MURS (Agnès Varda, 1981, 81')

MARTES 19
DOCUMENTEUR (Agnès Varda, 1981, 65')

LUNS 25
A MULLER QUE ESCAPOU (Hong Sang Soo, 2020, 77')

MARTES 26
BLACK PANTHERS / SALUT LES CUBAINS (Agnès Varda, 1968 / 1963, 60')

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com
twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · Xacobeo 2021 · XUNTA DE GALICIA

FS#149
28.9.2021

FIRST COW
KELLY REICHARDT

CINECLUBE PONTEVEDRA

ENTREVISTA CON **KELLY REICHARDT**

Como ideaches a estética de *First Cow* co teu director de fotografía de confianza, Chris Blauvelt? Antes de me reunir con Chris, elaboro un libro, unha guía visual que che leva por todo o filme, escena a escena, e que dá unha idea do aspecto, o ton e a estratexia básica da rodaxe. Para *First Cow*, revisamos *Contos da lúa pálida* e *A triloxía de Apu*, que son filmes que se desenvolven en aldeas marxinais e nos deron bos puntos de partida. As pinturas de *cowboys* de Frederic Remington servíronnos de guía para a cor, con azuis e verdes turbios e luces de cor coral. Chris e mais eu botámoslle un ollo a eses libros de imaxes xuntos e comezamos a debater. Repasamos o guión unha e outra vez. Chris fai algunhas probas de cámara e proba os obxectivos que ten pensado utilizar. Mentres, imos explorando lugares onde rodar. Janet Weiss foi a encargada das localizacións. Está constantemente descubrindo localizacións novas ás que lles imos facer seguemento, adoito co asistente de dirección, Chris Carroll, co deseñador de produción, Tony Gasparo, con Chris Blauvelt e co meu amigo e axudante Mikey Kampmann. Mikey grava as localizacións cunha cámara de fotos, Chris Carroll e Chris Blauvelt colócanse onde irán os actores, e eu fixo as escenas. Blauvelt está sempre a facer listaxes e Carroll a debuxar mapas. Entre todo isto, procuro algún momento para min soa nos espazos xa construídos antes de rodar. Adoito traballar nese espazo cos actores e facer algúns axustes do que estea sen concretar, aínda que para entón Chris e eu xa temos unha base bastante sólida.

En *Meek's Cutoff* hai certa iconografía do western que se pode aproveitar ou evitar. O período e a localización de *First Cow* é bastante menos emblemático e familiar para a maioría do público. Hai unha frase no guión sobre como «o noso momento non chegou aínda». A que tipo de referencias visuais recorreches para esta produción e para o deseño do vestiario? A historia de *Meek's Cutoff* desenvolvíase en 1845, polo que tiñamos fotos coas que traballar. Cada vez que configurabamos a cámara decidiamos entre opoñernos a un tema recorrente ou apoialo. É o que caracteriza o *western* e demostra o forte que é a linguaxe visual. Para *First Cow*, que transcorre en 1820, non tiñamos fotos, só algúns gravados dos primeiros exploradores da rexión. Investigamos principalmente os escritos da época e o que se foi transmitindo a través de historias. April Napier tivo que averiguar que levaba ás costas quen marchaba da casa e a que tería acceso ao longo do camiño. Tiñamos categorías para a maneira en que a xente chegaba e que traballos tería, se traballaban no forte ou só estaban de paso. Finalmente, traballamos co investigador Phil Clark, en Londres, xa que as persoas que levaban un rexistro da zona, tomaban notas e facían bosquexos viñan de Inglaterra. A investigación de April conduciuna até Nan MacDonald e un grupo de mulleres de Powers, Oregón, que fabricaron as capas e sombreiros de cedro do filme. Tony Gasparro e o departamento de arte realizaron a súa propia investigación. Jon Raymond viaxou varias veces ao Museo Chachalu, o centro interpretativo das tribos confederadas do Grand Ronde, un museo fantástico preto da costa que abriu hai un ano aproximadamente. Cadaquén recompilou información de distintos xeitos.

No filme dá a sensación de que a sociedade estaba aínda en formación, non había nada estandarizado nin fixado. Todos os personaxes veñen doutro lugar e hai diferenzas enormes entre eles. Móstrase o panorama orixinario dos Estados Unidos. A zona en que se rodou o filme coñécese coma Lower Columbia: o tramo do río que vai dende o océano até onde o río Willamette chega ao Columbia, que na actualidade está en Portland. Esa zona leva habitada cando menos 12 000 anos. O momento da historia que estabamos a investigar era francamente interesante. Chegara moita xente nova grazas ao comercio mundial de castores. Aínda non había nacións, mais si había empresas que comezaban a explotar recursos naturais. A zona era mesmo bastante cosmopolita segundo algúns estándares. Había xente de Rusia, Suramérica, Inglaterra, España, Hawai e China, xunta numerosas tribos e bandas que vivían ao longo do río e que levaban unha eternidade usándoo como ruta comercial. É un panorama primixenio dos Estados Unidos até certo punto, porque tamén se opón á nosa forma habitual de entender a expansión cara ao oeste. De certo xeito, converte a orixe de Estados Unidos nunha historia colonial corporativa, con xente de todas partes do mundo invadindo o territorio.

No filme vemos unha forte presenza de personaxes indíxenas americanos á marxe da historia. Como integrastes a súa cultura e comunidade na produción? Moi boa pregunta. Queriamos contar unha historia sobre uns inmigrantes, un cociñeiro e un mariñeiro nunha terra descoñecida. Agora ben, estabamos rodando un filme na rexión do Pacífico Noroeste de arredor de 1820 e queriamos asegurarnos de que os seus habitantes da época estivesen debidamente representados. Ademais, é un grupo moi pouco representado no cinema, polo que a responsabilidade era aínda maior. Tivemos unha sorte inmensa ao dar con persoas tremendamente xenerosas no museo Chachalu e no programa lingüístico do Grand Ronde, onde nos informaron sobre as súas familias e historia. Axudáronnos coas traducións e recomendáronnos filmes e libros dos seus arquivos que foron moi útiles.

Extractos do *pressbook* de Avalon. Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.